

## **A OMA programou novos itinerarios para coñecer a flora e a fauna do campus de Vigo no mes de xuño**



### **DUVI | Vigo**

A Oficina de Medio Ambiente programou para o mes de xuño novos itinerarios guiados para coñecer a flora e a fauna do campus de Vigo. Os interesados en participar poden apuntarse no teléfono 986 813883 ou a través do correo electrónico no enderezo [oma2@uvigo.es](mailto:oma2@uvigo.es).

O calendario do vindeiro mes inclúe itinerarios polo fondo de Lagoas-Marcosende os días 7 e 21 de xuño con saída ás 10:30 horas e o día 28 con saída pola tarde, ás 16:30. As visitas pola cima serán o 9 e o 23 pola mañá e o 15 pola tarde.

O percorrido de cima sairá da porta do CACTI e o punto de partida para o de fondo será a entrada principal do Edificio de Ciencias Experimentais.

Cada itinerario terá unha duración aproximada dunha hora. Premendo en “Máis información” pode accederse directamente á páxina da OMA.